



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2024**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as trece horas e trinta minutos do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### **Presidente:**

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### **Concelleiros:**

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

#### **Non asiste:**

Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).

Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

#### **Secretaria:**



Alejandra D. Fandiño Sánchez

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

### **ORDE DO DÍA: PARTE RESOLUTIVA**

#### **1. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 29.05.2024.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria do 29 de maio de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión ordinaria de 29 de maio de 2024.

#### **2.-APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3.2024.**

Dase lectura á proposta de alcaldía , que reproducida literalmente di:

"EXPEDIENTE: 2024/X999/000055

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2024

PROPOSTA ALCALDÍA

“Vista a existencia dunhas obrigas económicas pendentes de pago e cuxo importe ascende a **28.082,07€**:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPE- DIC.	DATA REXISTRO	APLICA- CIÓN OR- ZAMENT.	IMPORTE
JUAN J. COEGO CARBALLEIRA	M2 VENTANAL FIXO, DE ALUMINIO LACADO EN COLOR 6009 / M2 LUCIONARIO DE ALUMINIO LACADO EN VERDE 6009	23 53	30/11/2023	11/12/2023	920.61900	6.804,88
HALLKUSS CORPORATION S.L.	Servizos Profesionais de Xestión e Información Turística na Oficina Municipal de Turismo do Concello de Sobrado (desde	23 238	07/12/2023	07/12/2023	432.22799	6.315,97
MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE S.L.	MOTOSIERRAS ECHO CS2511TES/25RC- NºSERIE: C74638111764 / MULTIUSOS ECHO PAS-2620ES- NºSERIE: U22838010545 / PODADORA ECH	02FR 129	07/03/2024	08/03/2024	171.62300	1.253,57
AMBIGAL 360 S.L.	[200307] Residuos voluminosos ( Albarán 2023/4913 - 29/11/2023. GESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS ) / [200307] Residuos vo	A-231244	31/12/2023	27/03/2024	1622.22799	3.337,95

CONSTRUCCIONES M. ESPÍÑO S..L.	REMATES DE ESCABAS DE OLMOS MEDIANTE ARENA Y CEMENTO BLANCO / SUSTITUCIÓN DE PIEDRAS ROTAS, BOLARDOS DEBIDO AL BANDALISM	B2024 29	25/04/2024	25/04/2024	1532.21000	10.369,70
--------------------------------	--	----------	------------	------------	------------	-----------

Visto que quedou acreditado que as obrigación económicas pendentes se considera indebidamente adquiridas por concorrer algún/vos de os supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obrigación indebidamente adquiridas.

Visto o informe de de secretaría –intervención de data 23.07.2024.

Á vista dos seguintes antecedentes,

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguintes, correspondentes ao exercicio 2024 e aplicar, con cargo ao Orzamento prorrogado do exercicio 2024 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas pola cantidade de 28.082,07 € por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos, obras e suministros efectivamente prestados e que foron conformados pola alcaldía:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPE-DIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN OR-ZAMENT.	IMPORTE
JUAN J. COEGO CARBALLEIRA	M2 VENTANAL FIXO, DE ALUMINIO LACADO EN CO-LOR 6009 / M2 LUCIONA-	23 53	30/11/2023	11/12/2023	920.61900	6.804,88

	RIO DE ALUMINIO LACADO EN VERDE 6009					
HALLKUSS CORPORATION S.L.	Servizos Profesionais de Xestión e Información Turística na Oficina Municipal de Turismo do Concello de Sobrado (desde	23 238	07/12/2023	07/12/2023	432.22799	6.315,97
MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE S.L.	MOTOSIERRAS ECHO CS2511TES/25RC- N°SERIE: C74638111764 / MULTIUSOS ECHO PAS-2620ES- N°SERIE: U22838010545 / PODADORA ECH	02FR 129	07/03/2024	08/03/2024	171.62300	1.253,57
AMBIGAL 360 S.L.	[200307] Residuos voluminosos ( Albarán 2023/4913 - 29/11/2023. GESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS ) / [200307] Residuos vo	A-231244	31/12/2023	27/03/2024	1622.22799	3.337,95
CONSTRUCCIONES M. ESPÍÑO S.L.	REMATES DE ESCABAS DE OLMOS MEDIANTE ARENA Y CEMENTO BLANCO / SUSTITUCIÓN DE PIEDRAS ROTAS, BOLARDOS DEBIDO AL BANDALISM	B2024 29	25/04/2024	25/04/2024	1532.21000	10.369,70

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

### **3.-FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CALENDARIO LABORAL DO 2025.**

Dase lectura á proposta de alcaldía que reproducida literalmente di:

"Expediente: 2024/X999/000088

Proposta: Designación dos festivos locais para o ano 2025

Vista a comunicación efectuada pola Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración para que o Concello comunique antes do día 1 de setembro de 2024 acordo no que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído en non recuperable para o vindeiro 2025

O art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : "*serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente...*".

En uso das atribucións que establece o artigo 22.2 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Designar como festivos locais para o ano 2022 os seguintes:

-4 de marzo de 2025 (martes de Entroido).

- 24 de xuño de 2025 (San Xoan).

**SEGUNDO:** Notificar a Consellería de Emprego , Comercio e Inmigración aos efectos oportunos

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(0):

#### **4.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2023.**

Dase lectura á proposta de alcaldía que reproducida literalmente di:

"ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2023

EXPEDIENTE.2024/T017/000001

A Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio 2023, foi rendida e formulada de acordo co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, contendo asemade a conta tódalas partes que se contemplan na Regra 45 e seguintes da Orde HAP/1782/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade aprobada por ORDEN HAP/1781/2013, do 20 de setembro (ICAL).

O 29.05.2024 a Secretaría-interventora formulou informe a Conta Xeral.

O 25.06.2024 a Comisión Especial de Contas informou a Conta Xeral.

O anuncio de exposición pública da Conta Xeral foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o 01.07.2024 (BOP. Núm.125), para que as persoas lexitimadas poderan presentar reclamacións, reparos ou alegacións contra a mesma.

Durante os 15 días hábiles seguintes a publicación do anuncio non se presentaron reclamacións, reparos ou alegacións contra a Conta Xeral.

En virtude das atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e ao abeiro do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, propoño a adopción do seguinte



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023 comprendido pola Conta Xeral do propio Concello

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e o Consello de Contas tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda. "

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)., Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

**5.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

Dase lectura á proposta de alcaldía que reproducida literalmente di:

"EXPEDIENTE : 2024/G013/000001

ASUNTO: APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE SOBRADO.



## PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Sobrado prevé impulsar un Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Sobrado, co obxecto de substituír e actualizar de forma integral a normativa municipal pola que se rexía ata agora esta agrupación de voluntarios e que foi aprobada polo pleno de Sobrado en sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2000 e modificado na sesión ordinaria de 26 de outubro de 2000.

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, sustanciouse unha consulta pública polo prazo de 10 días hábiles sen que se recibise ningunha suxerencia ou aportación.

Visto o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado, e o expediente tramitado ao efecto no que consta informe de Secretaría-Intervención, esta Alcaldía, en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar Inicialmente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Sobrado. nos termos que figuran no expediente e co texto que a continuacións e recolle:

### **“Proposta de Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Sobrado (A Coruña)”**

#### **Preámbulo**

*En orde á realización de actividades diversas para a Protección Civil en situacións de emerxencia, os concellos e os alcaldes teñen competencias, segundo deriva dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e dos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*A Constitución Española no seu artigo 30 determina que poderá crearse un servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns en casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.*

*Resulta necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentaria do servizo civil e da protección civil, se recolla a incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a Protección Civil Municipal, ofrecéndolles así oportunidades para asumir voluntariamente o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.*

Por outra banda, a Lei 17/2015 de 9 de xullo do sistema nacional de protección civil, recolle a participación, responsabilidade e competencia das diferentes administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os concellos por ser a administración máis próxima aos cidadáns converténdose na célula básica da Protección Civil.

Abundando na normativa, temos que ter en conta o recollido na Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 de 18 de setembro polo que se regula a acreditación, uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e de emerxencias, a Orde do 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve, e o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), aprobado como anexo do Decreto 56/2000 de 3 de marzo, onde se establece, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local así como os cometidos que poden desenvolver as agrupacións de voluntarios no estudo e desenvolvementos dos plans de emerxencia.

Para articular as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa Protección Civil Municipal parece convinte regular a organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado, que se vinculará ós servizos básicos de intervención e de emerxencias dependentes do concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que poidan establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto apróbase o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado que se transcribe a continuación:

### **Capítulo I. Finalidade da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado.**

#### **Artigo 1º. Definición**

A Protección Civil Municipal ten por finalidade establecer unha organización baseándose nos recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e dos cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección das persoas e bens ante danos producidos pola situación de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evitar as mesmas, reducir os seus efectos, reparar os danos e, no seu caso, contribuír a correxilas causas produtoras dos mesmos.

Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños e das veciñas na Protección Civil Municipal levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil á que se refire o presente Regulamento.

A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, en adiante AVPC, como modalidade de incorporación dos cidadáns á actividade de protección civil, rexeráse polo establecido no presente Regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación e participación no desenvolvemento ou execución de plans, programas e actividades da organización municipal e se diten polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais administracións públicas de ámbito superior conforme ó establecido na normativa básica de Protección Civil.

Poderán vincularse á AVPC as persoas físicas que con carácter altruista se comprometan nas actividades dos servizos de protección civil dependentes deste Concello.

### **Artigo 2º. Réxime de funcionamento**

*A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (en diante A.V.P.C) como modalidade de incorporación dos e das cidadáns nés actividades de Protección Civil, rexerase polo establecido no presente Regulamento así como polas instrucións e directrices que, para os efectos de coordinación xeral e participación no desenvolvemento ou execución dos plans, programas ou actividades no sistema autonómico de Protección Civil, sexan ditadas polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia e demais Administracións Públicas con competencias na materia.*

### **Artigo 3º. Principios que rexerán o funcionamento da agrupación**

*O funcionamento da A.V.P.C. deberá responder ós seguintes principios:*

- a) Responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.*
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.*
- c) Garantir aos/ás voluntarios/as as debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o establecido nas correspondentes medidas de prevención de riscos.*
- d) Certificar a actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.*
- e) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e réxime de funcionamento da A.V.P.C.*
- f) Facilitar a participación do/a voluntario/a na celebración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.*

## **Capítulo II. Composición da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado**

### **Artigo 4º. Tipos de voluntariado**

*Poderán incorporarse á A.V.P.C. como voluntarios operativos todos/as os/as veciños/as maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso, sen que en ningún caso poida facerse discriminación algunha por razóns de sexo, política, ideolóxica, relixiosa ou de calquera outra circunstancia persoal ou social.*

*Así mesmo, as persoas maiores de 16 anos e menores de 18, sempre que conste a autorización de quen exerza a patria potestade ou tutela, poderán formar parte da Agrupación como voluntarios/as de apoio. Os/as voluntarios/as de apoio quedarán excluídos do nivel operativo.*

*Terán a condición de voluntarios/as honoríficos/as, todas aquelas persoas que, durante o transcurso da súa vida, realizaron actuacións heroicas e/ou actos salientables en materia de Protección Civil no seo da A.V.P.C.*

### **Artigo 5º. Vinculación co Concello**

*A vinculación dos/das voluntarios/as co Concello non ten carácter de relación laboral, funcionarial, administrativa ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de xeito altruísta, como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.*

#### **Artigo 6º. Solicitude e requisitos de acceso**

*A incorporación á A.V.P.C. farase sempre en virtude de solicitude do/da interesado/a, acompañada do DNI, na que fará constar o compromiso de coñecer e aceptar o contido deste Regulamento e demais normativa vixente sobre Protección Civil, así como de executar as tarefas que se lle encomenden polas autoridades competentes.*

*O/a interesado/a na súa solicitude de acceso declarará non estar inhabilitado/a para a función pública por sentenza firme e tamén declaración responsable de non ter antecedentes penais por delitos sexuais (antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios foran ou poidan ser vítimas destes delitos, artigo 8-4º e 8-5º da Lei 45/2015 de 14 de outubro de Voluntariado).*

*Formalizada a solicitude, procederase a inscrición do/a solicitante no Libro Rexistro de Voluntarios/as de Protección Civil e faráselle un carne provisional co fin de que dispoña dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil en tanto non realice o **curso de formación nivel básico** impartido pola Xunta de Galicia, que será obrigatorio para poder participar nos operativos.*

#### **Artigo 7º. Facultades e funcións do voluntariado**

*A condición de membro da A.V.P.C. faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes á A.V.P.C., especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe, ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola Agrupación.*

*Os/as voluntarios/as non poderán realizar actividades de carácter persoal, amparándose na pertenza á Agrupación.*

*As funcións de voluntariado son, entre outras, as de promoción da prevención e autoprotección cidadán, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de Protección Civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal (en diante PEMU) e demais de Protección Civil do sistema autonómico, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.*

#### **Artigo 8º. Estrutura e funcionamento**

*A agrupación poderá estruturarse e organizarse funcionalmente en equipos, grupos, seccións e unidades dacordo ás necesidades existentes no concello o na comarca.*

*Unha vez constituída a A.V.P.C. fixará o seu domicilio social dentro do Concello de Sobrado, ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades.*

*Todas as actuacións que realice a A.V.P.C. en materia de Protección Civil no ámbito local serán sempre autorizadas e coordinadas ou se é o caso, dirixidas pola autoridade local competente.*



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

#### **Artigo 9º.- Seguro de accidentes e responsabilidade civil**

A AVPC contará cun seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare aos seus membros fronte aos riscos a que están sometidos no exercicio das súas funcións.

#### **Artigo 10º. Uniformidade**

Todos os compoñentes da A.V.P.C. no desenvolvemento das súas funcións vestirán coa uniformidade e distintivos establecidos, de acordo coa normativa vixente.

### **Capítulo III. Organización da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Sobrado**

#### **Artigo 11º. Organización**

Son órganos necesarios da A.V.P.C. o/a Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

#### **Artigo 12º. Xunta Directiva**

A A.V.P.C. será xestionada e representada pola Xunta Directiva formada por:

- Un/unha presidente/a
- Un/unha secretario/a
- Un/unha tesoureiro/a
- Un/unha vogal

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán designados e revocados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de 4 anos.

Os membros da Xunta Directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.

As baixas producidas na Xunta Directiva durante o mandato poderán se substituídas por acordo maioritario da Asemblea Xeral.

Os membros da Xunta Directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento que se produza a aceptación dos/as que os/as substitúan.

A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o/a presidente/a, ou a iniciativa ou petición de polo menos 1/3 dos seus membros.

Quedar constituída cando asista a metade mais un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados pola maioría simple dos membros presentes.

No caso de empate, o voto de calidade do/da presidente/a decidirá a cuestión.

### **Artigo 13º. Facultades da A Xunta Directiva**

*As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da Agrupación, sempre que non requiran, segundo este Regulamento, autorización expresa da Asemblea Xeral.*

*Mais concretamente, a Xunta Directiva ten as seguintes atribucións:*

- a) Dirixir as actividades da A.V.P.C. e levar a xestión económica e administrativa da Agrupación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.*
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.*
- c) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.*
- d) Resolver sobre a admisión de novos membros*
- e) Nomear delegados ou delegadas para algunha determinada actividade da Agrupación.*
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.*

### **Artigo 14º. Funcionamento da Xunta Directiva**

*A Xunta Directiva celebrará como mínimo dúas sesións ó ano, e cantas veces sexa convocada polo/a presidente/a, a iniciativa propia ou a solicitude da terceira parte dos seus membros.*

*Será presidida polo/a presidente/a e para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría simple dos seus membros.*

*De cada sesión levantarase acta que será transcrita ó Libro de Actas*

*As vacantes que se puideran producir durante o mandado de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os citados membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.*

*Para a elección de membros da Xunta Directiva formarase unha xunta electoral que será a que regule e presida o procedemento de elección e estará composta por 5 voluntarios/as da A.V.P.C. que serán os seguintes:*

- O/a voluntario/a mais antigo/a que actuará como presidente/a*
- A/a voluntario/a mais recente.*
- O/a voluntario/a de maior idade.*
- O/a voluntario/a de menor idade.*
- Un/ha voluntario/a elixido polos anteriores que actuará como secretario/a.*

### **Artigo 15º. A presidencia**

*O/a presidente/a da A.V.P.C. será elixido/a democraticamente pola Asemblea Xeral entre os membros que teñan a condición de voluntario/a de pleno dereito, de acordo ó establecido na lexislación vixente.*

*A duración do mandato será de tres anos podendo ser reelixido para novos mandatos.*

*O/a presidente/a asume a representación legal da A.V.P.C. e será un dos interlocutores ante o órgano competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia e, no seu caso, ante outras institucións e organismos ós efectos administrativos e operativos.*

*Asemade, o/a presidente/a terá as seguintes atribucións:*

- a) Convocar, presidir e levantar as que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións de unha e outra e decidir os empates con voto de calidade.*
- b) Ordear pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.*
- c) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Agrupación aconselle no desenvolvemento das súas actividades e resulta precisa ou convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.*
- d) Representar legalmente á Agrupación ante toda clase de organismos públicos ou privados.*
- e) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e Asemblea Xeral.*
- f) Autorizar ós/ás voluntarios/as a asistencia os cursos, convocados pola A.V.P.C. ou por outros organismos.*
- g) Formalizar os convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.*
- h) Incoar e resolver os expedientes sancionadores por incumprimentos previstos neste Regulamento.*
- l) Velar polo cumprimento do presente Regulamento.*

#### **Artigo 16º. Secretaría da Xunta Directiva**

*O/a secretario/a da Xunta Directiva forma parte da mesma con voz e voto e terá as seguintes funcións:*

- a) Preparar os asuntos que deban ser incluídos na orde do día das sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e coidar de que sexan debidamente notificados a todos os membros*
- b) Levantar acta das sesións da Xunta Directiva e Asemblea Xeral, transcribir as actas no Libro de Actas e expedir certificacións.*
- c) Dar cumprimento ós acordos adoptados efectuando as correspondentes notificacións.*
- d) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso na A.V.P.C. así como levar e custodiar o libro rexistro de voluntarios/as.*

e) Dirección dos traballos puramente administrativos da Agrupación.

f) Presentación de contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

#### **Artigo 17º. Tesourería da Xunta Directiva**

O/a tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes a Agrupación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o/a presidente/a.

#### **Artigo 18º. Vogalías da Xunta Directiva**

Os/as vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que se xeren das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

#### **Artigo 19º. A Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral está formada pola totalidade de voluntarios/as e é o órgano supremo de goberno da Agrupación. A Asemblea Xeral, terá as seguintes atribucións:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde as actividades da Agrupación.
- d) Calquera outra que lle encomende a Asemblea.
- e) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.
- f) Modificación dos estatutos.
- g) Disolución da Agrupación.
- h) Expulsión de voluntarios/as a proposta da Xunta Directiva.
- i) Constitución de Federacións ou integración nelas.
- j) A aprobación da proposta de creación de seccións, equipos de intervención, grupo, etc, ós que fai referencia o presente Regulamento.

#### **Artigo 20º. Reunións da Asemblea Xeral**

As reunións da Asemblea Xeral serán de carácter ordinario e extraordinario.

A Asemblea celebrará sesión ordinaria unha vez ao ano, dentro dos tres meses seguintes ao peche do exercicio.

A Asemblea celebrará sesión extraordinaria cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente ou presidenta, cando a Xunta directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito, ao menos unha décima parte do persoal voluntario da Agrupación.

As convocatorias faranse por escrito, expresando o lugar e data e hora así como a orde do día e deberán ser notificados cunha antelación mínima de 15 días hábiles a súa celebración.





CONCELLO DE

SOBRADO

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

*A convocatoria acompañarase do borrador da acta da última sesión para a súa aprobación.*

*Na propia convocatoria, farase constar a data en que se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.*

*A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando conorra 1/3 dos voluntarios/as operativos inscritos no Libro Rexistro de Voluntarios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de voluntarios/as operativos/as asistente.*

*Os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes, como regra xeral.*

*Os acordos adoptaranse por maioría absoluta nos seguintes supostos:*

- Nomeamento da Xunta Directiva
- Disolución da Agrupación.

*O/a secretario/a da Xunta Directiva serao tamén da Asemblea e deberá levantar acta das sesións ou, no seu defecto, o/a responsable da Agrupación, e transcribíranse ó Libro rexistro de Actas á que se refire o artigo 16 do presente Regulamento.*

#### **Capítulo IV. Formación e perfeccionamento**

##### **Artigo 21º. Formación do voluntariado**

*A formación dos membros voluntarios/as, baseada en coñecementos e habilidades relacionadas coas características propias deste servizo, ten como finalidade facilitar a incorporación destas persoas en condicións de garantía e eficacia, así como contribuír á selección dos/as aspirantes. A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario, será a regulada pola Academia Galega de Seguridade sen menoscabo da impartida por outras institucións oficiais ou entidades homologadas.*

#### **Capítulo V. Dereitos e deberes**

##### **Artigo 22º. Dereitos do voluntariado**

*Son dereitos do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio do seu labor de colaboración os seguintes:*

- a) Recibir a información, formación, orientación, apoio e, se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lles asignen.*
- b) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario/a de Protección Civil.*
- c) Empregar a vestimenta homologada polo organismo competente en materia de Protección Civil da Xunta de Galicia.*

- d) Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.
- e) Participar na elección do/a presidente/a da A.V.P.C. de entre os seus membros e demais cargos previstos no presente Regulamento e poder ser elixibles.
- f) Ser tratados/as sen discriminación respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- g) Non ser asignados/as á execución de tarefas alleas ós fines e natureza da entidade.
- h) Obter o respecto e recoñecemento polo valor social da súa contribución
- i) Obter a certificación respecto da actividade desenvolta, con constancia dos seus datos persoais, duración e natureza da actividade.
- l) Ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasionar a actividade de voluntariado
- m) Estar asegurados/as polos riscos que poidan derivar do exercicio da actividade de voluntariado.
- n) Tomar parte en cantas actividades organice a Agrupación en cumprimento dos seus fins e de acordo a súas capacidades.
- ñ) Desfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Agrupación poida obter.
- o) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva para mellor cumprimento dos fins da Agrupación.
- p) Que os seus datos de carácter persoal sexan tratados e protexidos dacordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro e demais normativa aplicable.

#### **Artigo 23º. Deberes do voluntariado**

Son deberes do persoal voluntario de Protección Civil no exercicio da súa labor de colaboración os seguintes:

- a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario/a de Protección Civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas ditadas polos seus mandos naturais e as autoridades de Protección Civil.
- d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de Protección Civil ou pola A.V.P.C., así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade das prestacións.
- e) Empregar axeitadamente a vestimenta de Protección Civil cós seus distintivos.
- f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a A.V.P.C. ou, de ser o caso, as autoridades de Protección Civil.

- g) No suposto de causar baixa na A.V.P.C. por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó/á responsable da Agrupación así como o material que lle fora asignado.
- h) Cumprir os compromisos acordados coa Agrupación.
- i) Observar as normas sobre protección e tratamento de datos de carácter persoal dacordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro e demais normativa aplicable.

## **Capítulo VI. Recompensas e sancións**

### **Artigo 24º. Recompensas**

As condutas dos/as compoñentes da A.V.P.C. serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste Regulamento.

Distinguiranse, como proceda, as condutas meritorias e sancionaranse as infraccións, de conformidade do establecido neste Regulamento.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado/a.

As accións meritorias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios/as, poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da Alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión das medallas ó mérito, ás placas e diplomas de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia ou outras distincións que poidan conceder as distintas Administracións Públicas ou o Concello, no seu caso, para premiar actos de natureza especial.

### **Artigo 25º. Infraccións e sancións.**

As infraccións ó disposto neste Regulamento sancionaranse, previa tramitación do correspondente expediente, unha vez escoitado ó/á interesado/a que poderá, en todo momento, facer as alegacións oportunas.

As faltas consideraranse leves, graves ou moi graves.

I. Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión inferior a un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

- a) O descoído na conservación e mantemento do equipo e material que tivera o seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.
- b) A desobediencia ós responsables da A.V.P.C. sempre que non afecte ó servizo que deba cumprirse.
- c) As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ó presente Regulamento.

II. Estimaranse como faltas graves e serán sancionadas con suspensión de un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

- a) Negarse ó cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa xustificada,
- b) A utilización, fora dos actos propios do servizo, do equipo, material e distintivos de Protección Civil.
- c) O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo o seu cargo e custodia.
- d) As omisións ou infraccións graves ó preceptuado neste Regulamento.
- e) A acumulación de tres faltas leves

III. Estímaranse como faltas moi graves e serán sancionadas coa expulsión as seguintes:

- a) Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.
- b) Observar mala conduta ou sen sancionado reiteradamente por tres faltas graves.
- c) Ser condenado/a por calquera acto delituoso, a excepción das condenas derivadas de accidentes de circulación non producido por inxestión alcohólica ou de calquera sustancia psicotrópica.
- d) Utilizar ou exhibir indebidamente, o uniforme e/ou as identificacións do servizo.
- e) A agresión de palabra ou obra, a calquera membro da Agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprirse.
- f) Negarse a cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas.

As faltas leves prescribirán ó mes.

As faltas graves prescribirán ó ano.

As faltas moi graves prescribirán ós tres anos.

#### **Artigo 26º. Principios xerais do procedemento sancionador**

Os principios xerais do procedemento sancionador serán os seguintes:

- Para a imposición de sancións por faltas leves non serán preceptiva a previa instrución de expediente, salvo trámite de audiencia
- Para a imposición de sancións por faltas graves e moi graves, será preceptiva a previa instrución de expediente.

#### **Capítulo VII. Rescisión do vínculo coa A.V.P.C.**

##### **Artigo 27º. Rescisión do vínculo**

A relación de colaboración voluntaria coa A.V.P.C. rematará:

- a) A petición do interesado/a.
- b) Por defunción.
- c) Por declaración de incapacidade
- d) Por solicitude de baixa temporal ou definitivamente.
- e) Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario/a.
- f) Quedar incurso/a en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.

#### **Artigo 28º. Baixa temporal**

Considerarase baixa temporal na A.V.P.C. a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente e a ausencia por traslado temporal de domicilio.

#### **Artigo 29º. Baixa definitiva**

Serán causa de baixa definitiva na A.V.P.C.:

- a) A petición do interesado/a.
- b) Incomparecencia do voluntario/a por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, na actividade ordinaria ou especial que lle corresponda.
- c) Incumprimento duns servizos mínimos esixidos de 4 operativos anuais.
- d) Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave, de acordo co recollido no presente Regulamento.

Acordada a baixa seralle notificada ó/á interesado/a garantíndolle o dereito de audiencia e, unha vez sexa efectiva, o voluntario/a procederá a inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniforme, equipo e material que lle fose adxudicado pola Agrupación

#### **Artigo 30º. Certificación de servizos**

En todo caso expedirase, a petición do interesado/a, un certificado no que consten os servizos prestados na Agrupación, e a causa pola que se acordou a baixa.

#### **Capítulo VIII. Disolución da A.V.P.C.**

##### **Artigo 31º. Disolución**

A A.V.P.C. disolverase voluntariamente cando así o acorden na Asemblea Xeral extraordinaria convocada ao efecto por unha maioría de 2/3 dos voluntarios/as.

No caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora, quen, unha vez extinguidas as débedas e, de existir sobranse líquido, destinará o mesmo a fins sociais sen ánimo de lucro.

#### **Capítulo IX. Dotacións orzamentarias**

##### **Artigo 32º. Dotacións orzamentarias**

As dotacións orzamentarias que permitan o funcionamento da Agrupación virán fundamentalmente de convenios subscritos con administracións, de subvencións públicas, legados ou herdanzas que se recibirán de forma legal e calquera outro recurso lícito.

Tamén poderán recibirse axudas mediante convenios establecidos con entidades colaboradoras de protección civil, podendo ter esas entidades colaboradoras a consideración de agrupacións, asociacións, empresas públicas ou privadas.

##### **Disposición adicional**

En todo canto non estea previsto neste Regulamento aplicarase o vixente Decreto 56/2000 do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actual de voluntarios, agrupación de voluntarios, e entidades colaboradoras en materia de Protección Civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004 de 27 de maio, a Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia, o Decreto 123/2014 do 18 de setembro, o Decreto 101/2016 de 21 de xullo e supletoriamente a Lei 17/2015 de 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil.

Tamén os artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, Lei 10/2011 do 28 de novembro da Acción Voluntaria, e demais normativa que resulte de aplicación.

##### **Disposición derogatoria**

Este Regulamento derroga expresamente o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Sobrado aprobado polo pleno do Concello de Sobrado do 27 de xaneiro de 2000 modificado polo pleno en sesión do 26 de outubro de 2000 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

##### **Disposicións finais**

Este Regulamento entrará en vigor unha vez que sexa aprobado definitivamente e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

**SEGUNDO:** Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello dirección <https://sobrado.es> co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

**TERCEIRO.** De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro do mesmo, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.sobrado.es>.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada."

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)., Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

## **6.- APROBACIÓN INICIAL DE ORZAMENTO DE 2024 , AS BASES DE EXECUCIÓN E A PLANTILLA DE PERSOAL.**

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

"Exp. 2024/T004/000001

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do Orzamento e o plantel de persoal de 2024.

Con data 29 de xullo do 2024 finalizouse a elaboración do presuposto do 2024 comprensivo dos seguintes documentos:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- b) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, a 31 de decembro de 2023.
- c) Anexo de persoal da Entidade Local.
- d) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.
- e) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- f) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigación de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigación pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- g) Anexo de débeda.
- h) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos. e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigación exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.



- i) Anexo de beneficios fiscais.  
j) Anexo de convenios coa CCAA en materia de servizos sociais.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 164, 165, 166 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto desta Lei.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 29/07/2024 e o informe de Secretaría-Intervención da mesma data sobre a estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2022, quedando fixada a súa contía, en GASTOS con un total de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS OITENTA E DOUS MIL SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS **(2.982.666,00€)** e en INGRESOS DOUS MILLÓNS NOVECENTOS OITENTA E DOUS MIL SEISCENTOS SESENTA E SEIS EUROS **(2.982.666,00€)** asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	GASTOS DE PERSONAL	868.545,00
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.656.643,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	70.875,00,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	10.000,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
6	INVERSIONES REALES	376.603,00
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.982.666,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
<b>1</b>	IMPUESTOS DIRECTOS	<b>582.075</b>
<b>2</b>	IMPUESTOS INDIRECTOS	<b>25.000,0</b>
<b>3</b>	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	<b>250.600</b>
<b>4</b>	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	<b>1.771.517</b>
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
<b>7</b>	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	<b>352.574,0</b>
	<b>2. OPERACIONES FINANCIERAS</b>	<b>0</b>
<b>8</b>	ACTIVOS FINANCIEROS	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRE-	<b>2.982.666,0</b>

Segundo.- Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento.

Terceiro.-Aprobar a plantilla do persoal deste Concello para este exercicio en cumprimento do disposto no artigo 126.1 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, e que se relaciona detalladamente no "Anexo do Persoal" do meritado Presuposto

Cuarto.-Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Quinto.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello, xuntamente coa plantilla do persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sexto.-Que, de conformidade co número 4 do mesmo artigo 169 do RDL 2/2004, se remita copia do referido presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. ”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

#### **7.-APROBACIÓN PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DESTE CONCELLO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DURANTE O PERIODO DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL.**

Dase lectura á proposta de alcaldía, que reproducida literalmente di:

“EXPEDIENTE:2024/X999/

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE APROBACIÓN PARA TODO O PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DESTE CONCELLO DUN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DENDE O PRIMEIRO DÍA DA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL POR CONTINXENCIAS COMÚNS, ASÍ COMO NAS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL POR CONTINXENCIAS PROFESIONAIS, QUE SUMADO Á PRESTACIÓN ECONÓMICA DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, ALCANCE O CEN POR CEN DAS SÚAS RETRIBUCIÓNS FIXAS DO MES DE INICIO DA INCAPACIDADE TEMPORAL.

Logo de ver o establecido na disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de presupostos xerais do Estado para o ano 2018 que sinala o seguinte: “Cada Administración Pública podrá determinar, previa negociación colectiva, las retribuciones a percibir por el personal a su servicio

*o al de los organismos y entidades públicas dependientes, en situación de incapacidad temporal y en el caso del personal funcionario al que se le haya expedido licencia por enfermedad, de acuerdo con las siguientes reglas: 1.º Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal(...).”*

**Considerando que por resolución de alcaldía nº 88/2012 de 15 de outubro de 2012 se aplicara a tódolos empregados públicos os complementos previstos no citado Real Decreto Lei 12/2012, de 13 de xullo.**

**Logo de ver que no Concello de Sobrado existe convenio colectivo para o persoal laboral (BOP nº186 de 1 de outubro de 2019) no que xa se recolle esa previsión no artigo 47 Artigo 47.º.—Réxime de retribucións en procesos de baixa por incapacidade temporal. O réxime retributivo aplicable en situacións de incapacidade temporal do persoal laboral incluído no eido de aplicación do presente convenio, adecuarase aos criterios que a continuación se relacionan, sen prexuízo das adecuacións que proceda realizar como consecuencia das previsións e limitacións normativas vixentes, en cada momento, ao respecto desta materia. Aboarase a todo o persoal ao servizo do Concello dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións fixas que se veñan percibindo no mes de inicio da incapacidade temporal. Igualmente, o persoal municipal tamén percibirá un complemento á prestación económica que perciba ata acadar o 100% das retribucións fixas, nas situacións de incapacidade temporal por: – Risco por embarazo. – Maternidade. – Risco durante a lactación natural. – Paternidade. As devanditas situacións deberán ser acreditadas mediante a prescrición médica, parte de baixa ou calquera outro medio fidedigno da situación que a causa.**

**Considerando que non existe acordo regulador para os funcionarios públicos no que se recolla dita previsión e a efectos de que non se produza ningún tipo de discriminación entre os diferentes tipos de persoal ao servizo de concello.**

**Logo de ver, por outra banda, a disposición transitoria sétima da LXPE 2018 que estipula que “En tanto se determinen por las diferentes administraciones Públicas las retribuciones a percibir por su personal en situación de incapacidad temporal, de acuerdo con lo previsto en la disposición adicional quincuagésima cuarta de esta Ley, seguirá siendo de aplicación lo previsto en el artículo 9 del Real Decreto Ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad y en la disposición adicional trigésima octava de la Ley 17/2012, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2013. Una vez entre en vigor la nueva regulación, ambas normas dejarán de ser aplicables en la Administración respectiva y en los organismos y entidades dependientes de las mismas”.**

**Tendo en conta que a aplicación informática de Nóminas, de acordo co principio de condición máis beneficiosa para o traballador, xa ven aplicando a previsión contida na disposición adicional 54ª da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018, en base ao acordo contido no real decreto 956/2018, de 27 de xullo, que permite garantir, durante a situación de incapacidade, a percepción do 100% das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade laboral,**

Visto que o artigo 146 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, de aplicación ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das entidades locais galegas (artigo 4.1 b), establece que: 3. *Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley abonarán el complemento retributivo desde el primer día en situación de incapacidad temporal o de disfrute de la licencia por enfermedad que, sumado a la prestación del régimen general de la Seguridad Social, alcance el 100 % de las retribuciones fijas del mes del inicio de la incapacidad temporal.*

Á vista de todo o que antecede e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO que, , adopte o seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar, ao abeiro da disposición adicional 54 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, para todo o persoal funcionario ao servizo do Concello de Sobrado un complemento retributivo dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, así como nas situacións de incapacidade temporal por continxencias profesionais, que sumado á prestación económica do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cen por cen das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

A eficacia deste acordo aplicarase retroactivamente a contar dende a data de entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018."

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

### 8.POS +ADICIONAL 2/2024 (2ª FASE).

Dase lectura á proposta de alcaldía que reproducida literalmente di:

"PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2024/A007/000002

ASUNTO: ADHESIÓN A SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2024. 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2024

O 31.05.2024 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"

O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas no POS+ AD 2/2024 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles:

TOTAL POS + AD 2/2024: 363.475,34 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:

1.- "Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 2/2024**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

#### A ) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
------------------	------------



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
 Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
 correo@sobrado.es - www.sobrado.es

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	187.436,40 €
---	--------------

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
<b>TOTAL</b>					

Investimentos financeiros sostibbles NON in- cluídos no Plan Complemen- tario ao POS+ 2024	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputa- ción	Concello		Total con- cello	
		Achega municipal	IVE sopor- tado dedu- cible  (só cando sexa dedu- cible nos abas- tecem. auga po- table )		
Mellora do vial en Amenedo - Sar- Vitorio	30.941,70€				
<b>TOTAL</b>	30.941,70€				



Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións q ue non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

POS+ ADICIONAL 2/2024  2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
<b>Gastos correntes do 2024 distintos dos solicitados no Plan Base</b>	187.436,40 €				187.436,40 €
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</b>					
<b>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</b>	30.941,70 €				30.941,70€

<b>TOTAL</b>	218.378,10 €				218.378,10 €
--------------	--------------	--	--	--	--------------

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

Votos a favor (7:): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(0):

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

### **9.POS+ ADICIONAL 3/2024.**

Dase lectura á proposta de alcaldía que reproducida literalmente di:

"PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2024/A007/000002

ASUNTO: ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. POS+ADICIONAL 3 /2024

O 31.05.2024 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"

O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas no POS+ AD 3/2024 para gastos correntes:

TOTAL POS + AD 3/2024: 37.693,68 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte ACORDO:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 3/2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

Financiamento de gastos correntes:  
(17 concellos indicados na base 14.3)

<b>Gastos correntes 2024</b>	<b>Asignación POS+ Ad 3/2024 aplicada</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	37.693,68 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente." Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos

**10. MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL EN RUA SANTIAGO DO CAMPO”, INCLUÍDA NO POS +2024.**

Dase lectura á proposta de alcaldía , que reproducida literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº1 “INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL NA RÚA SANTIAGO DO CAMPO” (POS+ 2024)

EXPEDIENTE: 2024/A007/000002

Visto que o proxecto modificado nº 1, redactado por Pablo Couto López, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - Colexiado nº 15.384, asinado dixitalmente en data 27 de xuño de 2024 , foi supervisado favorablemente polos servizos técnicos da deputación.

A modificación do proxecto supón un incremento no orzamento , co seguinte desglose de financiamento:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL A	CONCELLO DE SOBRADO	TOTAL
CORUÑA		
41.072,40	19.235,68	60.308,08 €

Conforme a base 8 “Execución dos investimentos” das bases reguladoras do POS+ 2024, o concello debe financiar integramente o incremento do orzamento do proxecto modificado .

Esta alcaldía propón ao Pleno adopción do seguinte ACORDO :



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de "INSTALACIÓN DE CUBERTA EN PISTA DE PÁDEL NA RÚA SANTIAGO DO CAMPO" (POS+ 2024) de data 27 de xuño de 2024 cun presuposto de execución por contrata de 60.308,08 €.

**SEGUNDO.-** Comprometerse a incluír no Orzamento de 2024 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal do investimento.

**TERCEIRO.-** Remitir certificado do presente acordo á Deputación Provincial de A Coruña.  
Sobrado , na data da sinatura electrónica ao marxe"

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7: ): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)., Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que queda aprobada a proposta de alcaldía nos seus propios termos.

**11.-RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA N °228/2024 DE 18.06.2024 DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP A FIN DE CONTRATAR OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICOS QUE SEXAN CONTRATADOS POLA MESMA .**

Dase conta do decreto de alcaldía nº 228/2024 de 18.06.2024 para a súa ratificación polo pleno, que reproducido literalmente di:

"EXPEDIENTE: 2024/C006/000002

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000245



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

ASUNTO: ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

**PRIMEIRO:** A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO:** O Concello de Sobrado ten manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o segundo as normas de réxime local, esta Alcaldía RESOLVE:

**Primeiro.-** Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

**Segundo.-** Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

**Terceiro.-** Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

**Cuarto.-** Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello de Sobrado obrígase a:

- a) Designar un órgano ou persona de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles (nome e apelidos, cargo, teléfono e correo electrónico).

- b** Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c** Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d** Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e** En relación á facturación, proporcionar os seguintes datos que sexan procedentes: relativos á oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora (código DIR).
- f** Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

**Quinto.-** Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.

**Sexto.-** Ratificar a presente resolución no próximo pleno que se celebre.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0):

Abstencións:(0):

Plano que queda ratificado o decreto nº 228/2024 de data 18.06.2024



**12. RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA Nº302 /2024 DE 02.08.2024 DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE DÍA.-PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACION DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS.**

Dase conta do decreto de alcaldía nº 302/2024 de 02.08.2024 para a súa ratificación polo pleno, que reproducido literalmente di:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2022/A008/000020; 2024/A006/000007

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2024/G003/000320

PROCEDEMENTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE SOBRADO PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE SOBRADO, EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NOS EXERCICIOS 2024 E 2025

**ANTECEDENTES**

O 7.3.2022 foi publicada no Diario Oficial de Galicia a resolución do 3.2.2022 pola que se dá publicidade ao Acordo entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, con cargo a fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, ao abeiro do Convenio do 27.8.2021 entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia. O 05.04.2024 se comunica ao Concello que o proxecto foi seleccionado. O 08.07.2024 RE 20240000000958 se comunica ao Concello o borrador do convenio para a financiación da construción dun centro de día de 25 prazas para a súa aprobación.

Visto o informe desfavorable emitido pola Secretaria-Interventora de data 1 de agosto de 2024.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos e polo tanto proceder á sinatura do mesmo.



CONCELLO DE

**SOBRADO**

Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

SEGUNDO.- Ratificar esta resolución polo Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre .”

Non se producen intervencións e procédese a votación da tificación do decreto de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) , Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(0):

Polo que queda ratificado o decreto nº 302/2024 de data 02.08.2024.

### **CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN**

#### **13.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 178.2024 A 288.2024.**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 178 /2024 a 288/2024.

O pleno queda enterado.

#### **14.-DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 2º TRIMESTRE DE 2024.**

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 2 º trimestre do 2024 que foi de 18,64 días .

O Pleno queda enterado.



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es - www.sobrado.es

#### **15.- MOCIÓNS DE URXENCIA**

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción.

#### **16.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Intervén o concelleiro Alfonso Rios Santos e pregunta cando se vai a facer a obra do colexio.

Contesta o sr. Alcalde que a obra do tellado depende da Xunta e que se está elaborando un proxecto que incluírá tamén o cambio de fiestras.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:00 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*